



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 31 de XANEIRO de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

10.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UE INDUSTRIAL II-04 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 5330/401.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/01/2025, asinado pola técnica xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que conta co ditame do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 21/01/2025, e di o seguinte:

Con data do 09.05.2024 (Cod. Sol.: W1100874-5077) tiña entrada no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, impreso de solicitude subscrito por Felipe Martínez Rodríguez, na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación, polo que, comunica a esta administración o acordo adoptado pola Asemblea xeral extraordinaria da Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», celebrada en data 29.04.2024 na que, entre outros, se acordou por unanimidade dos seus membros, aprobar inicialmente o «Proxecto de compensación da UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», elaborado polos arquitectos Pedro de la Puente Crespo e Alejandro Oitaven Lorenzo, e os avogados Francisco Javier García Martínez e Diana Rodríguez Domínguez, aos efectos do previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e elevar a súa presentación perante o Concello de Vigo, aos efectos da súa tramitación e aprobación definitiva consonte ao réxime legal aplicable, xuntando a súa solicitude a seguinte documentación: “Proxecto de compensación do ámbito UE-IND-II-04 San Andrés de Comesaña” de data abril de 2024, e certificacións dos acordos adoptados pola amentada asemblea, asinadas dixitalmente en data 06.05.2024 polo seu Secretario co V^oB^o do seu Presidente.

En atención ao instado, emítese o seguinte Informe xurídico con proposta de Acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. O Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31.07.2023, adoptou entre outros, o seguinte acordo: “(...) *PRIMEIRO: Prestar aprobación definitiva a «Plan especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade “Global Fitness Sport, SL”, que inclúe a documentación técnica necesaria para a súa aprobación definitiva, inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 29.05.2023- Doc. núm. 230150861, e co COD.SOL.:W915714-4096-, achegada en soporte dixital, elaborada e asinada dixitalmente polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, con data maio de 2023.SEGUNDO. Ordenar a publicación do presente acordo no DOG (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento*

Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento. TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/, e no Portal de Transparencia. CUARTO: Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón. QUINTO: Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 in fine do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. SEXTO: Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.(..).”

O referido PERI, foi publicado no DOG núm. 190 de data 05.10.2023, Normativa e Ordenanzas no BOPPO núm. 243, do 20.12.2023, e inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento urbanístico de Galicia, con data do 16.11.2023 e número de rexistro ROTPG/P/74/2023, tendo acadado plena vixencia e executividade.

I.II. Neste estado da tramitación, con data do 09.05.2024 (Cod. Sol.: W1100874-5077) tiña entrada no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, impreso de solicitude subscrito por Felipe Martínez Rodríguez, na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación, polo que comunica a esta administración o acordo adoptado pola Asemblea xeral extraordinaria da Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», celebrada en data 29.04.2024, na que entre outros pronunciamentos, acordou por unanimidade dos seus membros, aprobar inicialmente o Proxecto de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», elaborado polos arquitectos Pedro de la Puente Crespo e Alejandro Oitaven Lorenzo, e os avogados Francisco Javier García Martínez e Diana Rodríguez Domínguez, aos efectos do previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e elevar a súa presentación perante o Concello de Vigo, aos efectos da súa tramitación e aprobación definitiva consonte ao réxime legal aplicable; xuntando a súa solicitude a seguinte documentación: Proxecto de compensación do ámbito UE-IND-II-04 San Andrés de Comesaña de data abril de 2024, e certificacións dos acordos adoptados pola amentada asemblea, asinadas dixitalmente en data 06.05.2024 polo seu Secretario co VºBº do seu Presidente.

I.III. En atención ao instado, con data do 24.06.2024 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, ditou a seguinte “RESOLUCIÓN: PRIMEIRO: Dispor o inicio do presente expediente, correspondente á tramitación do “Proxecto de Compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña»”, a instancia da súa Xunta de Compensación, solicitude formulada con data 09.05.2024 (Cod. Sol.: W1100874-5077), en base e de conformidade cos feitos e fundamentación xurídica exposta; SEGUNDO: De conformidade co previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, na súa relación co establecido no artigo 106 do mesmo corpo legal, someter o Proxecto de Compensación inicialmente aprobado pola Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», na asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 29.04.2024, ao preceptivo trámite de información pública polo prazo mínimo de un mes, a través da correspondente publicación no “Boletín oficial da provincia” e nun dos diarios de maior difusión da provincia, con notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento.()”.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

Con data do 09.07.2024 o Consello da XMU tomou coñecemento da referida resolución de incoación, en cumprimento das súas labores de control, que estatutariamente ten conferidas (artigo 10.3).

I.IV. Proseguíndose a tramitación nos termos invocados, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 28 de xuño de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 128, do 2 de xullo de 2024), na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial do Estado (número 274, do 13 de novembro de 2024).

Con data do 16.02.2024, a Xefa da oficina do rexistro da XMU, asina dilixencia, na que fai constar expresamente que, *de conformidade co previsto no artigo 125.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, na súa relación co establecido no artigo 106 do mesmo corpo legal, sometéuse o "Proxecto de compensación da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña", inicialmente aprobado pola Xunta de Compensación, na asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 29.04.2024, ao preceptivo trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 28 de xuño de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 128, do 2 de xullo de 2024), na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial do Estado (número 274, do 13 de novembro de 2024). Durante o dito período non se presentou escrito de alegación algún.*

En base a mesma, con data 14.12.2024, o secretario desta XMU co visto e prace da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, estenden certificación de fin de exposición públicas, nos mesmos termos que a antedita dilixencia.

I.V. Elevado o expediente a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, con data 15.01.2025 emite informe técnico favorable, ao presente trámite de aprobación definitiva, do seguinte teor literal:

"(...) O ámbito correspondese cunha peza de solo urbano consolidado de 28.676 m². que conta coa ordenación detallada prevista no PERI de la UE -IND II- 04 de Santo André de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria de 31 de xullo de 2023 (DOG de 5/10/2023 e BOP de 20/12/2023).

Dito PERI é unha modificación dunha ordenación anterior (Estudo de Detalle con data 28/12/1996, expte. 3617/411, unha modificación do Estudo de Detalle con data 26/06/2000, expte. 5593/411, un Proxecto de Compensación con data 11/04/2002, expte. 4139/401, e o correspondente Proxecto de Urbanización con data 22/10/2007, expte. 4554/401). A modificación da ordenación basouse na posibilidade que ofrece o artigo 65.1 da LSG de que os planes parciais e os planes especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida no planeamento, sempre que teñan por obxecto a mellora substancial da ordenación urbanística vixente e a articulación dos espazos libres públicos e os volumes construídos, ou a eliminación de usos non desexables o a incorporación de outros necesarios.

A Xunta de Compensación está lexitimada para a presentación do proxecto e o equipo redactor cumpre cos requisitos sinalados de titulación e habilitación profesional, segundo o artigo 244 do regulamento da lei do solo de Galicia, RLSG. O contido do proxecto de compensación adaptase ao sinalado no artigo 249 do RLSG e seguintes, na súa relación co establecido no artigo 308.

O instrumento de xestión presenta certas particularidades, en atención aos antecedentes expostos, unha, as parcelas de orixe deste proxecto correspóndense coas as parcelas de resultado do proxecto de compensación do ano 2002; dúas, non existe a parcela de resultado onde se situe o aproveitamento municipal equivalente ao 10% do aproveitamento tipo, porque a cesión xa foi realizada no proxecto de compensación anteriormente aprobado e o Concello xa ten alleado dita parcela; e, por último, non existen parcelas onde se situen as reservas

de solo para dotacións de espazos libres públicos nin de equipamentos, ao tratarse dun ámbito industrial-terciario no que non se establecen unas reservas mínimas, segundo o artigo 42.2. a) e b) da LSG.

O proxecto contén unha relación de propietarios e interesados, artigo 246 do RLSG, están acreditadas os títulos e as superficies , artigo 247 do RLSG, os bens de dominio público incluídos, artigo 248 do RLSG, Na memoria, artigo 250 do RLSG, consta a descrición das parcelas de orixe, artigo 251 do RLSG , non existen dereitos, edificacións, plantacións ou instalacións existentes que deban ser valoradas, artigo 252 do RLSG, non existen dereitos de realoxo e retorno, nin parcelas reservadas para a enaxenación. Descrición de parcelas de resultado, artigo 253 do RLSG, e a súa correspondencia, artigo 254 do RLSG, conta de liquidación provisional, artigo 257 do do RLSG, e planos, artigo 258 do RLSG.

Considerase que o proxecto de compensación cumpre co contido mínimo legal, respectando a superficie edificable total e os usos globais establecidos na ordenación detallada o PERI.

En canto a tramitación deste proxecto de compensación, e segundo o artigo 125.3 da Lei do Solo de Galicia, na súa relación co establecido no artigo 106, ó 21/06/2024 procedeu ao inicio da tramitación e someteuse, o Proxecto de Compensación inicialmente aprobado pola Xunta de compensación da «UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña», na asemblea xeral celebrada en data 29.04.2024, ao preceptivo trámite de información pública polo prazo mínimo de un mes, a través da correspondente publicación no “Boletín oficial da provincia” e nun dos diarios de maior difusión da provincia, con notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento.

Segundo a certificación do 16/12/2024 do secretario da Xerencia municipal de urbanismo, no período de exposición ao público non se presentou escrito de alegación algún.

Polo anteriormente exposto informase favorablemente o proxecto de compensación e procede a aprobación definitiva do mesmo (...).

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

II.1. Normativa examinada

- – TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana)- Artigos 265 e seguintes,
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), e RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia- artigos 106 e seguintes),
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,



CONCELLO DE VIGO Secretaría de Goberno Local

- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade dos actos de natureza urbanística,
- Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo
- O resto de disposicións que poidan afectar

II.II. Lexitimidade e competencia para a formulación do proxecto de compensación

De conformidade co disposto no artigo 245.1.c) do RLSG, no sistema de compensación o proxecto será formulado polos propietarios que reúnan máis do 50% da superficie do ámbito, ou pola xunta de compensación si esta estivera constituída.

O proxecto deberá estar subscrito por un/unha avogado/a e un/unha arquitecto/a; Dáse cumprimento ao invocado nos preceptos aludidos, nos termos indicados nos antecedentes de feito da presente, deste xeito, o proxecto elaborase a instancia da súa xunta de compensación e se redacta polos arquitectos Pedro de la Puente Crespo e Alejandro Oitavén Lorenzo e os avogados Francisco Javier García Martínez e Diana Rodríguez Domínguez.

A competencia para iniciar o procedemento e aprobar inicialmente o proxecto de equidistribución se atribúe aos propios promotores do mesmo, sendo o Concello o competente para resolvelo definitivamente (art. 265.2 RLSG)

II.III. Ámbito e obxecto do proxecto de compensación

A constancia dos obxectivos do presente proxecto de compensación, reflíctense polo miúdo na Memoria integrante do dito documento, que non son outros que, transformar o parcelario orixinal, adaptándoo a zonificación da ordenación detallada prevista no Plan Especial de Reforma Interior da U.E. INDUSTRIAL II-04 San Andrés de Comesaña, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 31.07.2023; O acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 190, do 05.10.2023, normativa e ordenanzas no BOPPO Núm. 243, do 20.12.2023, e inscrito no rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo III, folla rexistral núm. 50, co número de rexistro ROTPG/P/74/2023, polo que ten acadado plena vixencia e executividade.

Atendendo ao seu contido e finalidade, no documento presentado defínense os dereitos achegados, distribúense os beneficios e cargas do planeamento e adjudícanse a propiedade e ao Concello de Vigo os terreos de resultado co aproveitamento que lles corresponde en función dos seus dereitos.

Tal e como establece o artigo 104.2 da LSG, enténdese por proxecto de equidistribución *“a agrupación de predios comprendidos no polígono para a súa nova división axustada ao planeamento, coa adjudicación das parcelas resultantes aos interesados en proporción aos seus respectivos dereitos. Ademais, a equidistribución supón a determinación das indemnizacións ou compensacións necesarias para que quede plenamente cumprido, dentro do seu ámbito espacial, o principio da xusta distribución entre os interesados das cargas e beneficios da ordenación urbanística”*.

O proxecto de equidistribución constitúe un instrumento para a execución xurídica do PERI definitivamente aprobado e contén todas as especificacións esixidas co contido do art. 105 da LSG e do artigo 260 do RLSG.

Obra no expediente, informe técnico favorable emitido pola arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, asinado en data 15.01.2025, no que se expón polo miúdo, o ámbito e obxecto do presente proxecto de compensación (trámite 88 do expediente electrónico), transcrito na súa literalidade no relato de feitos da presente.

II.IV. Contido, procedemento e tramitación

O contido da equidistribución concretarase nunha serie de documentos que se relacionan no artigo 249 do RLSG e a cuxo desenvolvemento se adican os artigos 250 e seguintes do RLSG.

O proxecto de equidistribución axustouse na súa tramitación as regras e determinacións previstas nos artigos 269 e seguintes do RLSG, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos.

Dado o anterior, procede neste intre, propor o ditado do acordo relativo a súa aprobación definitiva, (artigo 271 do RLSG; artigo 106.2 da LSG), que deberá recaer nun prazo máximo de tres (3) meses dende a conclusión do trámite de información pública. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, o instrumento de equidistribución entenderase aprobado por silencio.

Asemade, compre traer a colación o disposto no artigo 270 e concordantes do RLSG, e concluír que na tramitación do proxecto de equidistribución que nos ocupa, observáronse os trámites esixidos para a súa aprobación definitiva, consonte ao pautado nos preceptos que deixamos citados e, particularmente, segundo o disposto no artigo 271 do RLSG.

II.V. Regras xerais da equidistribución

Para a definición de dereitos achegados, valoración dos predios resultantes, regras de adjudicación en función da superficie dos predios iniciais, aprobación, efectos do acordo aprobatorio e inscrición no Rexistro da Propiedade do mencionado proxecto estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV do RLSG, ademais das disposicións aplicables do TRLSRU e Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

II.VI. O proxecto de equidistribución e o Rexistro da propiedade

Tal e como establece o artigo 68 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro e o artigo 5 do Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RHU), *"1. A iniciación do expediente de distribución de beneficios e cargas que corresponda ou a afección dos terreos comprendidos nunha actuación de transformación urbanística ao cumprimento das obrigas inherentes á forma de xestión que proceda, fanse constar no Rexistro mediante nota á marxe da derradeira inscrición do dominio das fincas correspondentes. 2. A nota marxinal terá unha duración de tres anos e poderá ser prorrogada por outros tres anos a instancia do órgano ou agrupación de interese urbanístico que solicitara a súa práctica. (...)"*.

Consonte ao artigo 272 do RLSG, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, procederase a súa inscrición no Rexistro da propiedade (art. 107.3 LSG)



CONCELLO DE VIGO Secretaría de Goberno Local

A equidistribución inscribírase nos termos indicados na lexislación estatal e previa certificación administrativa expedida pola Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, na que conste a aprobación definitiva do proxecto e os seguintes documentos:

- a) Memoria, nos termos do artigo 250.
- b) Descrición das parcelas de orixe, co contido exixido no artigo 251.
- c) Descrición das parcelas de resultado de carácter patrimonial, presentando a documentación do artigo 253.3.
- d) Correspondencia, segundo o disposto no artigo 254.
- e) Descrición das parcelas dotacionais públicas de cesión obrigatoria, co contido exixido no artigo 255.2.
- f) Plano en que se conteña a totalidade das parcelas de resultado e os terreos dotacionais,
- g) Documentación necesaria para efectuar operacións de actualización do tracto rexistral, ou outras con incidencia rexistral

En todo caso, serán aplicables as disposicións do Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (artigos 6 e concordantes).

A promotora do proxecto de equidistribución actualizará no Catastro a titularidade e configuración das parcelas, trala a súa aprobación definitiva.

II.VII. Efectos xurídicos reais da aprobación

O acordo aprobatorio do instrumento de equidistribución producirá a transmisión a esta administración, como urbanística actuante, en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria, para a súa incorporación ao patrimonio público do solo ou a súa afectación aos usos previstos no planeamento, a subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas correspondentes e a afectación real das parcelas adxudicadas ao cumprimento das cargas e pagamento dos gastos inherentes ao sistema de actuación correspondente (artigos 107 LSG e 274 RLSG).

A aprobación definitiva do instrumento de equidistribución habilita á administración para proceder á ocupación dos terreos e bens que, pola súa cualificación urbanística, deban ser obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta, e daqueles outros incluídos no ámbito que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización.

Nos sistemas de actuación indirectos, como é o caso, a referida habilitación esténdese tamén ao seu promotor ata o momento da recepción das obras de urbanización.

No presente procedemento, cédense obrigatoria e gratuitamente, e sen cargas, para este Concello, como administración urbanística actuante, tal e como se reflicte expresamente no proxecto de equidistribución axuizado, as seguintes parcelas de resultado:

- Parcela 05, destinada a viario público, dunha superficie adxudicada de 4595,00 m²,
- Parcela 06, destinada a viario público, dunha superficie adxudicada de 238,00 m²

II.VIII. Efectos económicos da aprobación

En canto aos efectos económicos da aprobación e ás afeccións das parcelas de resultado, cómpre remitirnos ao disposto no artigo 114 da LSG e, no seu desenvolvemento, nos artigos 257 e 276 do RLSG, e incidir en que,

consonte ao instrumento de equidistribución, as parcelas de cesión obrigatoria son cedidas a esta Xerencia municipal de urbanismo, libre de cargas e gravames, ao asumir a xunta de compensación, todos os gastos e cotas de urbanización.

II.IX. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística; previo ditame do Consello da XMU (artigo 10.1d) dos Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, AD versión consolidada, aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 BOP núm.193, do 6.10.2010),

Por canto antecede, propónse a Xunta de Goberno local, previo sometemento do asunto ao preceptivo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, de consideralo procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao «*Proxecto de compensación da UE industrial II-04 San Andrés de Comesaña*», documento redactado polos arquitectos P.D.L.P.C e A.O.L, e os avogados F.J. G.M e D.RD, en data abril de 2024, formulado e inicialmente aprobado en data 29 de abril de 2024, pola asemblea xeral extraordinaria da súa Xunta de Compensación -segundo certificacións asinadas dixitalmente en data 06.05.2024 polo seu Secretario co visto e praxe do seu Presidente- para a execución xurídica e desenvolvemento da ordenación detallada prevista no PERI da UE-IND II-04 Santo André de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 31.07.2023(DOG núm. 190 de data 05.10.2023, Normativa e Ordenanzas no BOPPO núm. 243, do 20.12.2023, e inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento urbanístico de Galicia, con data do 16.11.2023 e número de rexistro ROTPG/P/74/2023);

SEGUNDO.: Unha vez firme en vía administrativa o presente acordo de aprobación definitiva, será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade núm.3 dos de Vigo, por conta da Xunta de compensación e nos termos indicados na lexislación estatal, previa certificación administrativa expedida por este Concello na que conste a aprobación definitiva do proxecto e demais circunstancias que se determinan no artigo 272 do RLSC.

Na inscrición rexistral das parcelas de resultado, deberá incluírse anotación na que se recollerá expresamente que, as mesmas quedarán gravadas coa carga de responder e abonar ao Concello de Vigo, a cantidade de catrocentos corenta e cinco mil oitocentos dezasete euros (445.817 euros), derivada do fallo da sentenza núm. 00021/2023 ditada polo Xulgado de Primeira Instancia núm. 7 de Vigo, no P.O 559/2020. Carga que caducará no caso de que se produza a anulación do fallo indicado.

As parcelas de resultado que non sexan de cesión obrigatoria quedarán gravadas e afectas, con carácter real, ao pagamento das cantidades que a cada unha correspondan na conta de liquidación provisional do proxecto polos gastos de urbanización do polígono e, no seu día, ao saldo definitivo da conta de liquidación definitiva que deberá ser comunicada no seu día pola promotora, co correspondente certificado acreditativo da súa aprobación, tendo esta afección -que se fará constar expresamente no dito rexistro da propiedade mediante nota marxinal- a mesma preferencia e duración ca normativamente establecida para a conta do procedemento reparcelatorio. Con anterioridade á inscrición, a promotora do proxecto de equidistribución instará a actualización no Catastro da titularidade e configuración das parcelas, por mor do reparcelamento aprobado.

TERCEIRO.: Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como na sede electrónica do Concello de Vigo, no seguinte enderezo



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=cas, no apartado de Xestión/Execución do planeamento, e proceder a súa notificación de xeito individualizado a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que, perante o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante esta administración municipal no prazo dun (1) mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses.

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente, decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

PSD/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.